



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Extracto do Acordo da Xunta de Goberno Local, de 21 de maio de 2025, polo que se aproba a convocatoria 2025 de subvencións para actuacións de rehabilitación incluídas no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

“BDNS (Identif.):<.....>

De conformidade co previsto nos arts.17.3b e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria, **cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións** (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Persoas e entidades beneficiarias

1.1.- Ao abeiro dos artigos 6 e 13 do Real decreto 853/2021 (BOE 06.10.2021), e do ordinal 21 da Resolución IGVS do 8 de xullo de 2022 (DOG 19.07.2022), poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e á responsabilidade asumida por cada unha.

1.2.- As persoas destinatarias últimas das axudas ou, no seu caso, o/a axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta daquelas, destinarán o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, no seu caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

1.3.- Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepto a da letra e) dos citados artigos, relativa á obrigaición de estar ao corrente no cumprimento das obrigaicións tributarias ou fronte á Seguridade Social, aínda que non poderá procederse ao pago da axuda en tanto non se acredite estar ao corrente do cumprimento das devanditas obrigaicións, de conformidade co disposto no artigo 6.1 de Real decreto 853/2021 e no ordinal 21.3 da Resolución IGVS do 8 de xullo de 2022.

1.4.- Poderán ser consideradas persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

- As persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben teñan personalidade xurídica de natureza privada. As comunidades de persoas propietarias, ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motivan a concesión da subvención.
- As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de propietarios constituídos conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

1.5.- Cando sexan beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán acreditar ou declarar expresamente na súa solicitude que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles resulte de aplicación.

No caso de entidades que carezan de personalidade xurídica propia, con excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facerse constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios.

1.6.- Cando a persoa propietaria da vivenda e a persoa arrendataria da mesma acorden que esta última custee ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pago da renda ou doutro acordo entre as partes, a persoa arrendataria poderá solicitar da comunidade de persoas propietarias ou, no seu caso, da persoa propietaria única, a adopción do correspondente acordo que se require para solicitar estas axudas. Neste suposto a persoa arrendataria poderá ter a consideración de beneficiaria.

Segundo. Obxecto

2.1.- Convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións dentro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio previsto no RD 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), coa finalidade de financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, e nas vivendas unifamiliares, que se atopen dentro dos seguintes entornos residenciais de rehabilitación programada (ERRP) do Concello da Coruña:

- ERRP Cidade Vella e Peixaría.
- ERRP Grupo de Vivendas María Pita – Labañou.
- ERRP Grupo Casas de Franco – Ventorrillo.
- ERRP Barrio das Flores.

O Concello da Coruña actúa como entidade xestora do Programa e tramitará a correspondente convocatoria de axudas conforme o disposto no PRTR.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

2.2.- As actuacións para as que se solicite axuda deberán contar co acordo da comunidade ou comunidades de persoas propietarias de que se trate, salvo nos casos de edificios de persoa propietaria única.

Así mesmo, no momento de presentación da solicitude de axuda, deberase contar co título habilitante correspondente, licenza ou comunicación previa, ou ben coa solicitude do mesmo, que recollerá as actuacións para as que se solicite subvención.

As actuacións non poden estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020 e deberán estar finalizadas antes do 30 de xuño de 2026.

2.3.- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva esixírase que, polo menos o 50 % da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda.

Terceiro. Bases Reguladoras

As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras contidas no Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), (publicado en BOE nº 239 de 06.10.2021) modificado por Real Decreto 903/2022, do 25 de outubro, coas especificacións e limitacións recollidas na Resolución do IGVS, do 8 de xullo de 2022, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (DOG nº 137 do 19.07.2022 e a corrección de erros publicada no DOG núm. 25 do 06.02.2023).

Así mesmo hai que ter en conta o contido da convocatoria, aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña 21.05.2025, publicada na BDNS, na páxina web municipal (<https://www.coruna.gal/vivienda/es/subvenciones/2-programa-ayudas-para-rehabilitacion-a-nivel-de-barrio-del-prtr?argIdioma=es>), na sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello da Coruña. Correspóndese cos documentos con CSV 002F 5R0Y 1E2E 1N5X 1C75 (versión en castelán) e CSV 3C63 0D6P 2R0K 0I0Q 1BWC (versión en galego).

Mediante Resolución do concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e vivenda, de 30.05.2025, por delegación da Xunta de Goberno Local, corrixiuse un erro material da convocatoria e aprobáronse os modelos normalizados (anexos) que deberán utilizar as persoas interesadas.

Cuarto.- Créditos orzamentarios e contía da convocatoria

4.1.- As axudas previstas na convocatoria faranse efectivas, de conformidade co acordo da comisión bilateral relativo ás contornas residenciais de rehabilitación programada do Concello da Coruña de data 11.05.2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 30.1522.78010 e 30.1522.78010.24 do Orzamento Xeral Municipal do ano 2025 do Concello da Coruña, por un importe total de 5.145.483,14 euros e coa seguinte desagregación por entornos:

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleiro responsable de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda, D. Francisco Dinis Díaz Gallego (FRANCISCO DINIS DIAZ GALLEGO) a las 13:10 del día 02/06/2025. Mediante el código de verificación 5C360R3B3S2H21451DDE puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Denominación ERRP	Importe Ministerio/ NEXT-GENERATIONEU	Número de actuacións totais
ERRP Cidade Vella e Pescadería	729.990,10 €	42
ERRP Grupo de Vivendas María Pita-Labañou	765.356,28 €	40
ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo	1.451.703,22 €	76
Barrio das Flores	2.198.433,54 €	126

O programa de axudas está financiado con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

4.2.- A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións para desenvolver e á porcentaxe de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación, que sempre deberá ser como mínimo do 30%.

Aforro enerxético conseguido con la actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima da axuda por m ²
$30\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 45\%$	40%	8.100 €	72 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 60\%$	65%	14.500 €	130 €
$\Delta C_{ep,nre} \geq 60\%$	80%	21.400 €	192 €

No caso en que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda ata un máximo de 1.000€ por vivenda ou 12.000€ por edificios obxecto de rehabilitación, o que resulte superior.

Hai posibilidade de axuda adicional cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgúns das persoas físicas propietarias ou usufrutuarías das vivendas incluídas no entorno residencial definido, que poderá acadar ata o 100% do custo de actuacións imputable á devandita persoa propietaria ou usufrutuaria, coas contías máximas indicadas na convocatoria.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes.

5.1.- As persoas interesadas en obter as axudas deberán presentar a súa solicitude, no prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte á publicación do presente extracto no Boletín Oficial da provincia da Coruña. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se, no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

5.2.- As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en caso de presentar a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en a que fose realizada a corrección.

5.3.- As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén a poderán presentar en formato papel por calquera dos medios establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Sexto.- Corrección dun erro material da convocatoria

Mediante Resolución de 30.05.2025, do concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e vivenda, corrixiuse un erro material puntual advertido na convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local de 21.05.2025, nos seguintes termos:

No ordinal 9.3 da convocatoria, relativo á documentación necesaria para a valoración dos criterios de clasificación, na versión en castelán (*Código CSV 002F 5R0Y 1E2E 1N5X 1C75*) onde di: *Obras terminadas: certificado final de las obras previsto en el ordinal 13.2. letra b) apartado 11 o, en su caso, el 10.3.2 letra g) apartado 6*; debe dicir: *Obras terminadas: certificado final de las obras previsto en el ordinal 13.2. letra b) apartado 11 o, en su caso, el 10.3.2 letra v) apartado 6*.

E onde di: *Criterios adicionales para el ERRP Barrio de las Flores y ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo: estudio que justifique la integración de la intervención en el conjunto conforme a lo dispuesto en el 10.3.2 letra g) apartado 14*; debe dicir: *Criterios adicionales para el ERRP Barrio de las Flores y ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo: estudio que justifique la integración de la intervención en el conjunto conforme a lo dispuesto en el 10.3.2 letra v) apartado 14*.

No ordinal 9.3 da convocatoria, na versión en galego (*Código CSV 3C63 0D6P 2R0K 0I0Q 1BWC*), onde di: *Obras rematadas: certificado final das obras previsto no ordinal 13.2. letra b) apartado 11 ou, no seu caso, o 10.3.2 letra g) apartado 6*; debe dicir: *Obras rematadas: certificado final das obras previsto no ordinal 13.2. letra b) apartado 11 ou, no seu caso, o 10.3.2 letra v) apartado 6*.

E onde di: *Criterios adicionais para o ERRP Barrio das Flores e ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo: estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto conforme ao disposto no 10.3.2 letra g) apartado 14*; debe dicir: *Criterios adicionais para o ERRP Barrio das Flores e ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo: estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto conforme ao disposto no 10.3.2 letra v) apartado 14*.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Así mesmo, engadiuse a referencia ao ordinal 14 tanto no ordinal 16.1.c) como no 16.3 da citada convocatoria, quedando redactados da seguinte maneira, na versión en castelán (Código CSV 002F 5R0Y 1E2E 1N5X 1C75):

16.1.c) (...) En este caso, deberán presentar, junto con la comunicación de la finalización parcial o total de la actuación prevista en los ordinales 13 y 14, el Anexo XIV, debidamente cumplimentado, y el certificado acreditativo de la titularidad de la cuenta señalada para el pago del cesionario. (...)

16.3 En el caso de cesión del derecho de cobro de la subvención a la persona contratista de las obras o al agente o gestor de la rehabilitación, la persona y la entidad beneficiaria estará exenta de presentar los justificantes de pago, previstos en los ordinales 13 y 14, del importe correspondiente a estos derechos cedidos.

E na versión da convocatoria en galego (Código CSV 3C63 0D6P 2R0K 0I0Q 1BWC) quedando redactados da seguinte maneira:

16.1.c) (...) Neste caso, deberán presentar, xunto coa comunicación da finalización parcial ou total da actuación prevista nos ordinais 13 e 14, o anexo XIV, debidamente cumprimentado, e o certificado acreditativo da titularidade da conta sinalada para o pagamento do cesionario. (...)

16.3. No caso de cesión do dereito de cobramento da subvención á persoa contratista das obras ou ao axente ou xestor da rehabilitación, a persoa e a entidade beneficiaria estará exenta de presentar os xustificantes de pagamento, previstos nos ordinais 13 e 14, do importe correspondente a estes dereitos cedidos.

Sétimo.- Aprobación dos modelos normalizados

7.1.- Mediante Resolución de 30.05.2025 do concelleiro de Urbanismo, Rehabilitación e vivenda, aprobáronse os modelos normalizados denominados Anexo I a XVI, indicados na convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local de 21.05.2025, e que se relacionan a continuación:

Modelos versión castelán	Descrición	CSV
Anexo I	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIONES DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DEL PRTR PARA LOS ERP DECLARADOS EN EL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA	1I34 5B3G 354Y 150O 17ND
Anexo II	COMPROBACIÓN DE DATOS DE LAS PERSONAS Y ENTIDADES PARTICIPES EN LAS OBRAS E INTERESADAS EN LA SUBVENCIÓN	2T2V 2Q55 2Z36 2W2I 0II7
Anexo III	CERTIFICADO DE LA PERSONA SECRETARIA O ADMINISTRADORA DEL ACUERDO DE LA COMUNIDAD DE PERSONAS PROPIETARIAS, DE LA AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSONAS PROPIETARIAS O DE LA ASAMBLEA DE LA SOCIEDAD COOPERATIVA	4P3Y 4Q42 5P0C 4T1A 127U
Anexo IV	CERTIFICADO DE LA AGRUPACIÓN DE PERSONAS FÍSICAS Y/O PERSONAS JURÍDICAS DE NATURALEZA PRIVADA O DECLARACIÓN DE LA COMUNIDAD DE BIENES, PROPIETARIAS DEL EDIFICIO	232Y 6M0S 416O 304F 0GCZ



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Anexo V	DECLARACIÓN RESPONSABLE DEL CUMPLIMIENTO DEL PRINCIPIO DE «NO CAUSAR UN PERJUICIO SIGNIFICATIVO AL MEDIO AMBIENTE»	1A2J 2K3I 2L5H 0H6O 1502
Anexo VI	DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES EN RELACIÓN CON LA EJECUCIÓN Y ACTUACIONES DEL PRTR (DACI)	6H6X 3K6W 0D2L 5X15 0PT4
Anexo VII	DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CUMPLIMIENTO DE LOS PRINCIPIOS TRANSVERSALES EN RELACIÓN CON LA EJECUCIÓN DE ACTUACIONES DEL PRTR	3G2F 4E6J 2237 0E4F 0G11
Anexo VIII	DECLARACIÓN DE CESIÓN Y TRATAMIENTO DE DATOS PERSONALES EN RELACIÓN CON LA EJECUCIÓN Y ACTUACIONES DEL PRTR	2V6F 4007 5R44 083I 0D96
Anexo IX	DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DE LA UNIDAD DE CONVIVENCIA Y COMPROBACIÓN DE DATOS DE LAS PERSONAS FÍSICAS INTERESADAS EN LA AYUDA ADICIONAL POR SITUACIÓN DE VULNERABILIDAD ECONÓMICA	6K5J 3F2V 5T21 5G3P 14ND
Anexo X	JUSTIFICACION TÉCNICA DE PRESUPUESTOS	0U4H 4J6S 6H3X 5Q65 08C4
Anexo XI	ACEPTACIÓN DE LA SUBVENCIÓN	6F1F 2633 690W 620U 00H2
Anexo XII	COMUNICACIÓN DE LA FINALIZACIÓN PARCIAL Y FINAL DE LAS ACTUACIONES	004O 4I41 2Q26 730P 0FJW
Anexo XIII	SOLICITUD ANTICIPO	0960 2Y6B 2V13 4G5Z 10LY
Anexo XIV	ACUERDO DE CESIÓN DEL DERECHO DE COBRO DE LA AYUDA	6L47 0P70 2232 3S3T 10PZ
Anexo XV	REPRESENTACIÓN (personas físicas)	721S 0904 115G 672F 0TVT
Anexo XVI	CARTEL A4 (castellano)	6N4J 2G5E 103I 0S2S 11K2
Anexo XVI	CARTEL A3 (castellano)	1P1N 4J2C 2D41 0Y69 18KC

Modelos versión galego	Descrición	CSV
Anexo I	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PRTR PARA OS ERRP DECLARADOS NO CONCELLO DA CORUÑA	556W 2N4B 2C0I 4K1T 0JH9
Anexo II	COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS E ENTIDADES PARTÍCIPIES NAS OBRAS E INTERESADAS NA SUBVENCIÓN	3X5U 270B 0I6U 4X0I 14SF
Anexo III	CERTIFICADO DA PERSOA SECRETARIA OU ADMINISTRADORA DO ACORDO DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS, DA AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU DA ASEMBLEA DA SOCIEDADE COOPERATIVA	2R4G 0B59 6G6Q 146B 0KU4



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Anexo IV	CERTIFICADO DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS E/OU PERSOAS XURÍDICAS DE NATUREZA PRIVADA OU DECLARACIÓN DA COMUNIDADE DE BENS, PROPIETARIAS DO EDIFICIO	1U4H 0D2S 6W3D 673K 0C36
Anexo V	DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE «NON CAUSAR UN PREXUIZO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE»	4E3X 6U68 4H3D 2G0C 171U
Anexo VI	DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR (DACI)	2D0U 6F6U 3K6Z 4716 05P1
Anexo VII	DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS TRANSVERSAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR	335B 2A1X 1G09 1R1O 12MD
Anexo VIII	DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR	4Y2G 010C 1D0A 3Y1B 0DPZ
Anexo IX	DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA E COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS FÍSICAS INTERESADAS NA AXUDA ADICIONAL POR SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA	5450 4L0H 616A 0F4U 0ZSX
Anexo X	XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DE ORZAMENTOS	0I22 2U20 5J0G 3T12 05CT
Anexo XI	ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN	1N5S 6W3B 3N1I 4W63 1BEK
Anexo XII	COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN PARCIAL E FINAL DAS ACTUACIÓNS	3G01 2H2D 4P4K 263E 0T3C
Anexo XIII	SOLICITUDE ANTICIPO	391J 1473 725N 3D0E 0FVV
Anexo XIV	ACORDO DE CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO DA AXUDA	6G0E 6T4U 1A6I 0R4R 0A1G
Anexo XV	REPRESENTACIÓN (persoas físicas)	1T1A1W1W 4M5V 3Q5W 0RI3
Anexo XVI	CARTEL A4 (galego)	4G2S 1P5P 1X2L 3Z0T 14RE
Anexo XVI	CARTEL A3 (galego)	3H5E 4Z1X 2B0I 103M 0VF6

7.2.- En virtude do disposto no artigo 66.6 da LPAC, é obrigatorio utilizar os Modelos normalizados aprobados expresamente para esta convocatoria, que están dispoñibles na sede electrónica do Concello de A Coruña e na BDNS.

A Coruña, na data da firma electrónica que consta neste documento
O Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda,
Francisco Dinís Díaz Gallego